



ACTIVIDADES LÚDICO- FÍSICAS


o corpo humano



Graffiti en Barcelona <http://recursostic.educacion.es/bancoimagenes/web/>

XOGOS DE EXPLORACIÓN

Xogos adaptados do libro **Iniciación ao atletismo en Primaria**




<http://goo.gl/LWd88H>

O VAMPIRO (páxina 53)

un xogador fai de vampiro e sitúase sentado no centro do terreo. Os demais formarán un círculo ao seu redor e irán andando namentres lle preguntan que hora é señor vampiro? O vampiro responderá dando diferentes horas, pero cando o considere oportuno dirá media noite. Neste momento levántase e persegue aos demais, namentres estes foxen a refuxiarse nunha zona previamente fixada. Os cazados convértense en vampiros e axudarán a cazar ao resto dos compañeiros. Variantes (vampiros de xeonllos, de pe, tumbados...)

O VAMPIRO E OS ÓSOS

TARXETA PARA CADA GRUPO: O alumnado ten que tentar descubrir como se xoga a este xogo (previamente ten que coñecer a dinámica do vampiro) Entregamos unha tarxeta a cada grupo.



EXPLICACIÓN DO XOGO

EXPLICACIÓN DO XOGO PARA O GUÍA

Un xogador fará de vampiro e situarase sentado no centro do terreo de xogo. Os demais formarán un círculo ao seu redor e irán andando namentres lle preguntan

A que hora comes? O vampiro responderá dando diferentes horas pero cando considere dirá media noite, o nome dun dos seguintes ósos e a palabra **estetizado** /a.


Lísta de ósos:

- Vértebra
- Clavícula
- Esterno
- Úmero
- Cúbito
- Radio
- Falanxe
- Fémur
- Rótula
- Tibia
- Peroné
- Pelve
- Cóccix
- Omoplata
- C. frontal
- C. Occípital
- C. parietal

VARIANTES

- O vampiro di dous ósos polo que se reducen os refuxios a dous.
- Catro grupos, cada un terá un número. Os vampiros trazan un plan xuntos (media noite+óso+estetizado+ nº) só poden escapar as tres esquinas de refuxio do número do equipo nomeado.
- Variante ideada polo alumnado.

O VAMPIRO MUSCULAR



Lísta de músculos:

- Bíceps
- Frontal
- Temporal
- Maseter
- Esternocleidomastoideo
- Trapecio
- Deltoídes


- Pectoral
- Recto do abdome
- Sartorio
- Cuadríceps
- Tibial anterior
- Tríceps
- Dorsal
- Glúteo
- xemelgo

RELEVOS GRAMATICAIS

Carreira de relevos.

O alumnado en grupos iguais.

Os participantes saen en parellas e cada un leva na man unha palabra, símbolo... que deberá colocar nun cartón que atopará ao final da súa liña de relevo. A seguinte parella do grupo fará o mesmo e así sucesivamente ata que teñan formado un texto con sentido, utilizando todas as palabras. Se observamos que está mal colocada algunha palabra podemos cambiála, pero non poderemos entón colocar unha das palabras que levamos. Cada participante ten a opción de colocar ou corrixir unha vez en cada relevo.



TEXTOS PREPARADOS PARA IMPRIMIR E RECORTAR

Para inícialos podemos utilizar cores para axudarlles a situar as palabras en filas. O cartón que aparece no final debe ter varias liñas de belcro. Debemos plastificar as palabras para poder reutilízalas.

O	esqueleto	humano	é	o	conxunto	organizado	de	ósos	que
proporciona	ao	corpo	humano	unha	firme	estrutura	que	lle	permite
realizar	as	seguintes	funcións	:	sostén	Mantemento	postural	soporte	para
O	movemento	proteccion	de	partes	brandas	-	-	.	
						-	-		

No	Corpo	humano	hai	máis	de	650	músculos	.	
Os	músculos	Son	un	conxunto	de	células	alargadas	chamadas	Fibras.
A	Súa	misión	é	a	de	mover	ao	corpo	Humano.
Apóianse	nos	ósos	Outros	móvense	de	xeito	Como o	corazón	
						involuntario	Músculo do		